



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, relativa á INSTITUCIONALIZACIÓN DA HOMENAXE MUNICIPAL A ALEXANDRE BÓVEDA, A PARTIR DE 2016 E CON MOTIVO DO LXXX ANIVERSARIO DO SEU MARTIRIO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A configuración actual do “Día da Galiza Mártir”, xornada que serve para conmemorar o trágico fusilamento o 17 de agosto de 1936 do líder galeguista Alexandre Bóveda na Caeira, en ningún caso concorda co ánimo unitario expresado polos exiliados galegos en Buenos Aires cando en 1942 instituíron, de man de Castelao, a data do 17 de agosto para homenaxear a todas a vítimas galegas da represión franquista.

A democratización política e social do “Día da Galiza Mártir” emitiría un claro sinal do novo tempo que se está a abrir no noso país, á vez que sería consecuente co propio pensamento e acción de Alexandre Bóveda, un líder galeguista que na República foi activo partidario da unidade da xente do común desde as candidaturas da Fronte Popular.

Unha configuración da homenaxe a Bóveda renovada, plural e máis respectuosa co seu propio legado serviría para recuperar a filosofía orixinal dun acto que pasou a celebrarse por primeira vez en Galiza hai xa trinta e nove anos, tras a desaparición do xeneral Franco. Con iso, restauraríase a vontade de todas aquelas persoas que, con ideas e pensamentos diversos, desde 1976 empezaron a reunirse cada 17 de agosto en Pontevedra arredor da memoria de Alexandre Bóveda e de todas as mulleres e homes masacrados polo franquismo.

MAREA PONTEVEDRA propón que os actos de homenaxe a Alexandre Bóveda (fillo adoptivo e medalla de ouro da nosa cidade) deixen de estar capitalizados partidariamente, avoga porque o Concello de Pontevedra os converta nunha celebración de todos e insta ao seu Pleno a aprobar a seguinte

MOCIÓN

1. Convocar desde o Concello, de xeito coordinado coa Fundación Alexandre Bóveda, **unha celebración institucional cívica, aberta e plural do Día de Galiza Mártir** o 17 de agosto de 2016, e a partir de aí cada ano, devolvéndolle o protagonismo desa xornada en Pontevedra ao conxunto da cidadanía.
2. Promover, con motivo do LXXX Aniversario do consello de guerra e do seu posterior fusilamento, un **Memorial Bóveda** que, coa participación dun abano amplo e plural de expertos, sirva para estudar a súa figura e o seu legado na Galiza da segunda metade do século XX e no que vai do XXI.
3. Bautizar unha rúa ou unha praza co **nome de Amalia Álvarez Gallego**, a esposa e nai dos fillos de Bóveda, en recoñecemento do seu compromiso coa memoria do seu home, e de cantos soñaron a Galiza do futuro, ao longo de tempos escuros para todos e especialmente penosos para a súa familia.

5 de agosto de 2015

O Portavoz do Grupo Municipal Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez